

MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA (APLU).

1. Introducción

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (en adiante, APLU) creouse pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, como entidade instrumental encargada de velar pola utilización racional do solo e o cumprimento do ordenamento urbanístico, adscrita á consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo da Comunidade Autónoma galega.

Esta lei foi derogada pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, desenvolvida polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da lei do solo de Galicia. Os artigos 8.3 e 10 desta lei e os artigos 11.3, 17 e 18 deste regulamento recollen na actualidade as previsións constitutivas sobre natureza, funcións e composición da APLU. Consonte ao previsto nestas normas a APLU é una entidade pública autonómica, de natureza consorcial. Forma parte do sector público autonómico e está adscrita á consellería competente en materia de urbanismo.

Segundo o disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia (en adiante LOFAXGA), a APLU ten natureza de consorcio autonómico, sendo unha entidade instrumental da Administración Xeral da Comunidade Autónoma dotada de personalidade xurídica propia e suxeita na súa actividade ás normas que rexen a organización, o funcionamento e a actuación das administracións públicas e no non previsto nelas, ao disposto nos seus estatutos. Para estes efectos, mediante Decreto 213/2007, do 31 de outubro, apróbanse os estatutos da APLU. A súa estrutura orgánica regúlase no Decreto 51/2008, do 6 de marzo, modificado por Decreto 451/2009, do 23 de decembro e polo Decreto 101/2013, de 27 de xuño. Na estrutura orgánica establécense as distintas unidades administrativas existentes e as funcións asignadas a cada unha delas.

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece no seu artigo 74 que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, cando menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos e escalas aos que se adscriban no seu caso, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias, sendo os devanditos instrumentos de carácter público.

Pola súa banda, a LOFAXGA no seu artigo 58 establece:

AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA
Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas
Rúa dos Camiños da Vida, s/n. Edificio Witland, 1º andar
15705 Santiago de Compostela
T. 981 544 387 | Fax: 981 545 335
axenciaurbanistica.xunta.gal



"1. O persoal ao servizo das entidades instrumentais do sector público autonómico poderá ser funcionario, estatutario ou laboral, de acordo co previsto nesta lei e na normativa aplicable aos empregados públicos.

2. A aprobación e modificación tanto do cadro de persoal como da proposta de relación de postos de traballo serán acordadas polos órganos superiores de goberno e dirección, logo do informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos, avaliación e reforma administrativa e de función pública, e a contratación será decidida polo órgano que sinale a súa normativa específica ou seus estatutos. En todo caso a aprobación da relación de postos de traballo con persoal funcionario e ou laboral da Xunta de Galicia estará sometida na súa tramitación á normativa xeral establecida na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia sobre modificacións ou aprobacións destes instrumentos de planificación de persoal."

Consonte ao previsto no artigo 15 dos estatutos da APLU, a competencia para a aprobación da proposta de modificación da relación de postos de traballo está atribuída ao Consello Executivo da APLU, órgano colexiado de dirección e control desta entidade.

Así mesmo, o artigo 38 da Lei 2/2015 de 29 de abril, de emprego público de Galicia (en adiante LEPG), sinala que a relación de postos de traballo é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcional e laboral existentes en cada unha das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei.

Engadindo o seu artigo 14 que a competencia en materia de función pública, así como a coordinación e control da execución da política de persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico corresponde á consellería competente en materia de función pública.

2. Xustificación funcional

A Relación de Postos de Traballo (en adiante, RPT) da APLU publicouse no Diario Oficial de Galicia (en adiante, DOG) núm. 104, de 30 de maio de 2008.

Posteriormente, e como consecuencia da modificación introducida pola Lei 15/2010 de 28 de decembro de medidas fiscais e administrativas no artigo 30 do Decreto Lexislativo 1/2008, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de función pública de Galicia, a Consellería de Facenda modificou de oficio todas as RPT da Xunta de Galicia para que nas mesmas quede reflectida a cobertura polo sistema de libre designación dos postos de traballo das xefaturas de servizo e equivalentes.



Posteriormente, no DOG núm. 71, do 13 de abril de 2012, publicouse a modificación da RPT da APLU , que introducía entre outros cambios, os seguintes:

"... Creación do posto de asesor xurídico, para cumprila previsión legal recollida no artigo 21 do decreto 213/2007 polo que se aproban os estatutos da Axencia e no artigo 3 bis do Decreto 51/2008 introducido polo Decreto 451/2009."

Máis tarde, e para dar cumprimento ao disposto no artigo 25 da Lei 2/2013 de 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, onde se indicaba que non se incluían no Anexo de persoal da citada Lei, e polo tanto non tiñan dotación orzamentaria, aquelas prazas das correspondentes relacións de postos de traballo que se atopasen vacantes sen ocupación, xurde a obriga de modificar as RPT co obxecto de levar a cabo a amortización das citadas prazas. No DOG núm. 139 de 23 de xullo de 2013 publicouse a modificación da RPT da APLU, que introducía os seguintes cambios:

"...- Supresión dos seguintes servizos:

- a. Servizo de Inspección do Litoral asignando as súas funcións aos Servizos de Inspección I, II e III en función do ámbito territorial de actuación.*
- b. Servizo de Ditames e Informes para asignar as súas funcións ao Servizo de Inspección Urbanística correspondente encargado da tramitación dos diferentes expedientes.*
- c. Eliminación do posto base subgrupo C2 co código de posto MA.B01.000.15770.075"*

No ano 2014, e a consecuencia de que na modificación da RPT realizada no ano 2013 non fora posible levar a cabo á adaptación plena ao disposto no artigo 25 da citada Lei 2/2013 (dado que por unha parte estaban convocadas mediante as correspondentes Ordes os concursos para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración da Xunta de Galicia e por outra existían adxudicacións de diversos postos que afectaban a diferentes postos da APLU), por este motivo e pola necesidade de dar cumprimento ao establecido no artigo 28.Dous da Lei 11/2013, fíxose necesaria outra modificación da RPT da APLU, publicada no DOG núm. 114 do 17 de xuño de 2014.

Por último, no ano 2021 abordouse unha nova modificación da RPT da APLU coa dobre finalidade de dar resposta ás novas necesidades organizativas e funcionais do organismo, así como de adaptala ás escalas e especialidades dos corpos da Administración xeral e de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia recollidos na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e a incardinación en áreas funcionais conforme o recollido na Orde do 10 de maio de 2017 pola que se modifica a Orde do 21 de novembro de 1989 pola que se fixan os criterios xerais para a elaboración das relacións de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, se aproba o modelo e se ditan instrucións para cubri-lo (Diario Oficial de Galicia núm. 90, do 11 de maio). A modificación foi publicada no DOG núm. 55 do 21 de marzo de 2022.



Asemade, recentemente a RPT da APLU veu ser modificada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 12 de maio de 2025, (Resolución do 13 de maio de 2025 da Consellería de Facenda e Administración Pública publicada no DOG núm. 95 de 20 de maio de 2025), para dar resposta á necesidade de incardinar postos existentes conforme as escalas e especialidades dos corpos de persoal funcionario da Administración especial, concretamente nas escalas de Inspección urbanística co fin de eliminar a dobre especialidade técnica e xurídica, dando así resposta á necesidade de consolidar tanto a debida especialización das funcións inherentes aos postos como a idoneidade das persoas que accedan a eles, mediante os correspondentes procedementos de selección e/ou de mobilidade, e manter maiormente a clasificación restante; como, por outro lado, dando cumprimento ás obrigas derivadas da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Finalmente, dinámicas estruturais inherentes á descentralización administrativa e territorial da APLU, a necesidade de reflectir a configuración dos postos de Letrado/a e Asesor/a Xurídico/a da APLU como postos susceptibles de deslocalización, así como a necesaria adaptación dos códigos das prazas deste organismo á nova estrutura orgánica derivada da modificación operada polo Decreto 49/2024, de 22 de abril, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se fixa a estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia, (DOG núm. 80 do 24 de abril de 2024), poñen de manifesto a necesidade de abordar unha nova modificación puntual da RPT estruturada en **4 liñas de actuación**.

3. Exposición e xustificación das liñas de modificación da RPT:

3.1 Xustificación da necesidade de abrir as prazas das xefaturas dos Servizos Provinciais ao nivel A2, e á escala especial de subinspección urbanística (EMIU), xunto coa súa apertura a funcionarios do Estado e da Administración Local:

CÓDIGO POSTO TRAB.	DENOMINACIÓN	NIV.	GRUPO
MAK191000015001001	SP CORUÑA	28	A1
MAK191000027001001	SP LUGO	28	A1
MAK191000032001001	SP OURENSE	28	A1
MAK191000036001001	SP PONTENVEDRA	28	A1

Actualmente as prazas de xefatura dos servizos provinciais da APLU están configuradas como prazas abertas a funcionarios da Xunta de Galicia a través dun dobre corpo-escala, ao corpo de administración xeral (XERAL) subgrupo A1, requiríndose para acceder ás mesmas estar en posesión da titulación de arquitectura (2001), enxeñería de camiños, canles e portos (2004) ou licenciatura/grao en dereito (2062), e á escala especial de inspección urbanística do corpo facultativo superior (ESIU). Os referidos corpos-escalas e o grupo esixido, aseguran a posesión de coñecementos en urbanismo, tal e como se desprende da disposición adicional novena da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG en adiante), coñecementos necesarios para o desenvolvemento



das funcións inherentes a ditas prazas de conformidade có disposto no Decreto 51/2008, de 6 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da APLU.

O que se pretende con esta modificación é ampliar o abanico das persoas candidatas para que poida optar a ditas prazas a:

1-Persoal funcionario da Xunta de Galicia que pertenza ao subgrupo A2, sempre que estea en posesión das titulacións académicas exixidas para acceder as funcións do posto, engadíndose a posibilidade de acceso da concreta escala especial de subinspección urbanística do corpo facultativo de grado medio (EMIU) xa que, aínda que para esta escala requírese o título de arquitecto técnico o enxeñeiro técnico de obras públicas ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto técnico ou de enxeñeiro técnico de obras públicas, consonte ao establecido na disposición adicional novena da LEPG, o proceso de acceso á escala garante o coñecemento en urbanismo.

2- Persoal funcionario de carreira doutras administracións, tanto estatal como local (A12) pertencentes aos grupos A1/A2, escala Xeral ou a escalas especiais, que impliquen estar en posesión das titulacións académicas exixidas para acceder as funcións do posto e polo tanto dos coñecementos urbanísticos requiridos para o desempeño das funcións inherentes as prazas, isto é, arquitectura (2001), enxeñería de camiños, canles e portos (2004), licenciatura/grao en dereito (2062), graduado ou máster nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto ou máster nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos.

A admisión de persoal doutras administracións ven sustentada pola configuración legal do urbanismo como unha competencia municipal propia, tal e como se desprende do artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, sendo esa mesma configuración legal a que serviu de base na regulación da natureza consorcial da APLU, quedando garantido que tanto o persoal funcionario do sector público local, pertencente á escala de administración xeral nivel A1, como persoal da administración estatal pertencente a escalas especiais do nivel A1, tal como é o corpo de Habilitados Estatais, estará posesión dos coñecementos urbanísticos e/ou xurídicos precisos para o desempeño do posto.

En resumo, esta apertura na configuración de acceso as prazas en cuestión, da resposta á necesidades internas de xestión da APLU ante as dificultades que se teñen posto de manifesto nos derradeiros anos á hora de tratar de cubrir as xefaturas destes servizos provinciais, tanto en supostos de vacantes como de baixa prolongada, pero tamén a demandas históricas do persoal pertencente a escala de subinspección urbanística, demandas postas de manifesto na fase de alegacións na derradeira modificación da RPT aprobada no 2022, acadando por tanto un dobre obxectivo que a referenda.



O primeiro que debe terse en conta na argumentación da modificación proposta é que estamos ante prazas cun sistema de provisión mediante libre designación, e que tal e como preceptúa o artigo 92 da LEPL, unicamente poden proveerse polo este procedemento aqueles postos de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo (RPT).

De conformidade có disposto no Decreto autonómico 51/2008, do 6 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da APLU e o Decreto 213/2007, polo que se aproban os estatutos da APLU, os Servizos Provinciais son unidades administrativas descentralizadas que non están suxeitas a dependencia orgánica con respecto a ningunha outra unidade administrativa intermedia que se atope na sede central da APLU, consonte á estrutura orgánica da APLU, e a súa dependencia xerárquica descansa directamente sobre a dirección da APLU.

De conformidade có disposto no artigo 36 da LOFAXGA, a ditas xefaturas lles corresponden, ademais das competencias específicas que teñen atribuídas no decreto de estrutura orgánica da APLU, as funcións de informe e proposta das cuestións pertencentes ao seu ámbito competencial, neste caso a xestión da vixilancia e inspección urbanística do territorio provincial, con suxeición ao plan de inspección urbanística aprobado polo Consello Executivo da APLU, así como as funcións de planificación, coordinación, dirección e control do seu Servizo.

É polos motivos expostos, que as xefaturas dos Servizos Provinciais son postos de traballo de libre designación segundo a RPT da APLU, xa que á marxe de que sexa preciso para optar as mesmas, estar en posesión dunha cualificación profesional concreta, tamén é imprescindible que as persoas candidatas teñan un perfil con capacidades de xestión e organización que aseguren a correcto funcionamento do Servizo Provincial baixo a dirección da APLU, xa que o seu cometido principal é a xestión tendente a garantir o cumprimento do plan de inspección urbanística aprobado polo Consello Executivo da APLU no seu ámbito territorial.

Unha situación de vacante nestas prazas ten repercusión no desenvolvemento das competencias legalmente atribuídas á APLU no ámbito da inspección, pero tamén ven a afectar notablemente tanto á xestión do propio Servizo como á xestión a nivel central da APLU, posto que paraliza o servizo provincial e sobrecarga os servizos centrais da axencia que teñen que asumir ditas funcións.

Nos supostos nos que se ten producido a vacante destas prazas, tal e como aconteceu no Servizo Provincial de Ourense ou o de Pontevedra, tivo que acudirse á figura da suplencia por mor de non atopar candidatos/os que ou ben se atopasen en posición das cualificacións profesionais requiridas ou ben non cumprisen o perfil de designación.



En resumo, con esta modificación poténcianse dereitos dos empregados públicos tan esenciais como o dereito á progresión na carreira profesional e á promoción profesional, aténdese a demandas sindicais, ao tempo que se evitan situacións de colapso antes posibles supostos de vacante nas xefaturas provinciais.

En definitiva, en atención ao exposto, considérase xustificada a necesidade de abrir as prazas de xefatura dos Servizos Provinciais de APLU ao nivel A2, á escala de subinspección urbanística (EMIU), así como a funcionarios doutras administracións (A12) pertencentes ás escalas que aseguren estar en posesión das titulación requiridas para de desenvolvemento das funcións inherentes ao posto:

CENTROS DE DESTINO: SERVICIOS PROVINCIAIS DA AXENCIA										
CÓDIGO POSTO DE TRABAJO	DENOMINACIÓN	Niv.	Forma de provisión	Subgrupo	Corpo/Escala	Asdcr. Adm.P.	Área Funcional	Titulación	Formación específica	Observacións
MAK191000015001001	XEFATURA SERVICIO PROVINCIAL DA AXENCIA EN A CORUÑA	28	LD	A1-A2	XE-RAL/ESI/EMI/EMI	AXG/A12		2001-2004-2062		
MAK191000027001001	XEFATURA SERVICIO PROVINCIAL DA AXENCIA EN LUGO	28	LD	A1-A2	XE-RAL/ESI/EMI/EMI	AXG/A12		2001-2004-2062		
MAK191000032001001	XEFATURA SERVICIO PROVINCIAL DA AXENCIA EN OURENSE	28	LD	A1-A2	XE-RAL/ESI/EMI/EMI	AXG/A12		2001-2004-2062		
MAK191000036001001	XEFATURA SERVICIO PROVINCIAL DA AXENCIA EN PONTEVEDRA	28	LD	A1-A2	XE-RAL/ESI/EMI/EMI	AXG/A12		2001-2004-2062		

3.2 Amortizar unha praza de persoal subinspector urbanístico con Centro de destino no Servizo Provincial de Pontevedra, con código de posto MAK191000036001023, para financiar a creación dunha praza de persoal subinspector urbanístico nos Servizos Centrais da APLU en Santiago de Compostela, (Centro de Destino: Subdirección Xeral da Axencia).

As necesidades organizativas ás que se pretende dar resposta con esta modificación contan cun fundamento relevante que pásase a expoñer.

O 25/01/2023, a Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social da Coruña comunica á APLU, o inicio de actuacións inspectoras en materia de prevención de riscos laborais, en concreto en materia de riscos psicosociais. (OS 15/0001020/23).



No curso do desenvolvemento de ditas actuacións inspectoras tivo lugar a realización de dúas enquisas de riscos psicosociais por parte do Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Xunta de Galicia; a primeira delas o 15/02/2023, circunscrita exclusivamente ao persoal subinspector do Servizo Provincial da Coruña, e a segunda o 17/10/2023 estendida a todo o persoal subinspector da APLU.

De ambas enquisas resultaron senllos informes de avaliación de riscos psicosociais, dos que se deu traslado a Inspectora actuante e nos que se recollen, entre outras, as seguintes conclusións:

"(...)Detéctase a existencia dun conflito primario xerado pola predisposición negativa do persoal a aceptar instrucións ou levar a cabo visitas de inspección incoadas dende servizos centrais, tarefas inherentes ao posto que non son do agrado dos traballadores e que provoca, a súa vez, outros conflitos debidos:

á carencia ou falla de aplicación efectiva, en algúns casos, dun mecanismo de organización e priorización do traballo nos servizos provinciais que permita unha axeitada integración dos requirimentos de actuacións emitidos por parte de servizos centrais cós xerados polo propio servizo provincial, que remata provocando una mala relación.

(...)á carga emocional que supón para os subinspectores a relación directa cos inspeccionados e os conflitos que se xeran durante a tramitación do expediente e a sensación de inseguridade e falta de apoio en caso de necesidade"

Á vista das conclusións expostas, a Inspectora actuante formulou novo requirimento a esta Axencia para que antes do 31/01/2024 aportase, entre outra documentación, unha relación das medidas a adoptar para unha debida organización do traballo en orde ao cumprimento dos requirimentos practicados dende servizos centrais, e en resposta a dito requirimento pola dirección da APLU fixéronse unhas pautas procedimentais dirixidas a eliminar os conflitos de coordinación postos de manifesto entre os Servizos da APLU na planificación, organización e desenvolvementos das visitas de inspección, conseguindo minorar no máximo posible os riscos psicosociais acusados polo persoal subinspector en dito ámbito, integrando a proposta do Servizo de Prevención en canto á necesaria estandarización nos servizos provinciais dun procedemento de priorización e organización do traballo no referente aos requirimentos de servizos centrais, de carácter bidireccional, que mellore a organización das tarefas de campo que precisen a participación do persoal subinspector.

Estas pautas procedimentais bidireccionais foron trasladadas ao persoal da APLU no mes de outubro de 2024, unha vez que a Inspección de traballo validou as mesmas, se ben, baixo a consciencia de que se trataba dunha medida que buscaba un impacto positivo a curto prazo na situación acusada polo persoal subinspector da APLU, pero carente dunha natureza estrutural que permitise solucionar o problema de raíz.

É urxente e prioritario polo tanto dar unha resposta ás necesidades funcionais da APLU que materialice as medidas propostas no ámbito de prevención dos riscos psicosociais do persoal subinspector, o que pasa pola dotación de persoal subinspector nos Servizos Centrais, o cal poida asumir e desenvolver tarefas propias da dita escala cando os



expedientes se atopan nomeadamente na fase de execución subsidiaria, na que é preciso o desenvolvemento estrutural de tarefas de campo ou visitas de inspección.

Os servizos centrais da APLU encárganse de toda a tramitación dos procedementos administrativos sancionadores e de reposición da legalidade urbanística que, cando culminan nunha orde de reposición da legalidade urbanística alterada, esixen un complexo proceso de control do cumprimento da dita orde e a activación, en caso de incumprimento, de procedementos de execución forzosa. As estatísticas da actividade da APLU revelan o incremento de resolucións administrativas con ordes de demolición desde o inicio da actividade desta entidade autonómica que xerou, asemade, unha notable actividade administrativa derivada do incumprimento destas obrigas e que esixe a esta entidade a tramitación de procedementos de execución forzosa dos actos administrativos para compeler o cumprimento da orde de demolición, mediante a imposición de multas coercitivas e, cando estas non son efectivas, mediante a execución subsidiaria.

O procedemento de execución subsidiaria das ordes de demolición ditadas para a reposición da legalidade urbanística é moi complexo, xa que require de varias fases relacionadas na Circular 1/2011 da Dirección da APLU. Estre as ditas fases, cómpre subliñar que, en particular, esixe unha proluxa actividade técnica (visitas de inspección ás obras, tomas de datos e mostras, medicións, redacción de proxectos de demolición, estimación de honorarios, dirección de obras, coordinación de seguridade e saúde, reformulos, certificación de obras...), polo que a posibilidade de asignar expedientes para esta fase vese limitado en atención aos efectivos actuais e á organización que precisa da coordinación entre os servizos centrais e os servizos provinciais.

Como se pode comprobar nas estatísticas públicas da APLU, nos servizos centrais desta entidade dítanse entorno a **250 e 450 ordes de demolición anuais** o que xerou que na actualidade se atopen pendentes entorno a **2.000 expedientes** en fase de execución forzosa, cando os cidadáns obrigados á reposición da legalidade urbanística alterada non cumpre de xeito voluntario a resolución administrativa. Dos ditos expedientes tan só está sendo posible asignar para a fase de execución subsidiaria un número limitado acorde coa capacidade técnica dos servizos o que pode xerar problemas de prescrición das ordes de demolición. O ano pasado **125 expedientes** se puideron pasar á fase de execución subsidiaria, lonxe das demandas derivadas da pendencia de ordes de demolición incumpridas.

Estes procedementos de execución subsidiaria precisan da execución de funcións propias da competencia profesional recoñecida ao persoal da escala especial de subinspección urbanística, que foron especificadas na devandita Circular 1/2011 e que son propias da dita escala especial da Xunta de Galicia como ratificou a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza 485/2023, do 28 de novembro (AP 4149/2023).

É precisa a participación de persoal subinspector urbanístico para levar a cabo todas as actuacións de carácter técnico propias da escala que se precisan en ditas fases dos expedientes tales como visitas de inspección para verificar/constatar o cumprimento das ordes de reposición da legalidade, visitas de inspección para toma de datos para a redacción de proxectos de demolición, visitas de inspección para o reformulo do proxecto con carácter previo á licitación dos contratos de obras de demolición...etc, actuacións todas elas que actualmente estanse a desenvolver polo persoal subinspector dos Servizos Provinciais da



Axencia, posto que nos Servizos Centrais non se conta con persoal pertencente a dita escala.

Para seleccionar a praza de persoal subinspector susceptible de cambio de centro de destino se tivo en conta o Servizo Provincial dotado con maior número de persoal subinspector e a extensión territorial da provincia a inspeccionar, así como evitar os prexuízos que podería supoñer para o persoal mover unha praza non vacante.

Os Servizos Provincias de Pontevedra e da Coruña contan con **6 prazas** de persoal subinspector, mentres que os Servizos Provinciais de Lugo e Ourense contan unicamente con **3**. Dos dous servizos provinciais con maior número de prazas de persoal subinspector, é o de Coruña o que conta con maior extensión territorial **7.950 Km²** de superficie fronte aos **4.495 Km²** da provincia de Pontevedra, polo que considérase xustificado que sexa este último o que vexa reducido o seu número de prazas de persoal subinspector sen que elo teña repercusións negativas no resto do persoal do servizo en canto o volume de carga de traballo n desenvolvemento das súas labores de campo.

A praza que se propón amortizar é unha praza que atópase vacante por xubilación dende o 14/07/2025, e contemplada na OEP de 2021, convocándose o proceso selectivo para a súa cobertura mediante Resolución publicada no DOG. N° 20 de 29/01/2024.

Así, dentro das prazas adscritas ao Servizo Provincial de Pontevedra, considérase que o máis acertado é amortizar unha praza que no momento de, no seu caso, culminarse a modificación proposta non se atope ocupada, escenario que se da coa praza de código de posto **MAK191000036001023** por xubilación da súa titular.

En definitiva, en atención ao exposto, considérase xustificada a necesidade de adscribir a praza de "Subinspector/a Urbanístico/a" con código de posto MAK191000036001023 (Centro de destino: Servizo Provincial da Axencia en Pontevedra), aos Servizos Centrais da APLU (Centro de destino: Subdirección Xeral da Axencia).

En canto a viabilidade financeira e orzamentaria da modificación proposta, está atópase garantida nos termos que se recollen na memoria económica.

3.4 Postos susceptibles de deslocalización.

O Decreto 16/2025, de 10 de marzo, da Consellería de Presidencia, xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, a través da súa Disposición Final cuarta, veu a modificar o Decreto 343/2003, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, engadindo dos novos apartados no artigo 7 dirixidos a reflectir a



posibilidade de que os postos de letrado/a se configuren nas RPT dos órganos de adscrición como postos susceptibles de deslocalización.

Esta configuración está orientada a garantir a máxima eficacia na prestación dos servizos así como a eficiencia na utilización dos recursos dispoñibles, atendendo á natureza das funcións contenciosas e consultivas de asistencia xurídica que corresponden o Corpo de Letrados/as da Xunta Galicia.

A deslocalización permitirá que a prestación presencial dos servizos por parte das persoas que ocupen os referidos postos de traballo poida desenvolverse nas dependencias físicas de unha localidade diferente á da sede do órgano de adscrición.

A APLU conta cun posto de Asesor/a xurídica e un posto de Letrado/a, ambos coa consideración de postos de Letrado/a especialistas en materia de disciplina urbanístico, e na medida en que ambos postos teñen atribuída a prestación de funcións contenciosas nos xulgados e tribunais de toda a Comunidade autónoma, poderán ser obxecto de deslocalización, de tal xeito que as persoas que os ocupen poderán prestar os seus servizos de forma presencial tanto nas dependencias físicas da APLU en Santiago de Compostela como noutras dependencias da Xunta de Galicia noutras localidades.

A prestación das súas funcións non esixen a súa presenza nunha localidade concreta, e tendo en conta que a meirande parte das actuacións contenciosas se desenvolven perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que ten a súa sede na cidade de A Coruña, é polo que os citados postos resultan ser susceptible de deslocalización, de tal xeito que a persoa que o ocupen poderá prestar os seus servizos de forma presencial tanto nas dependencias físicas da Axencia Tributaria de Galicia en Santiago de Compostela como noutras dependencias físicas na cidade da Coruña.

En todo caso, a determinación das concretas dependencias físicas nas que se presten os servizos de forma presencial dos postos susceptibles de deslocalización realizarase, en cada caso, previa solicitude da persoa que ocupe o posto de traballo, que será resolta polo órgano competente en materia de persoal, atendendo á garantía das necesidades do servizo e aos espazos efectivamente dispoñibles, podendo establecer as condicións pertinentes. A dita resolución expresará as condicións da deslocalización que se entenderá sen prexuízo da presenza física que sexa necesaria nos servizos centrais da APLU en Santiago de Compostela para asegurar unha axeitada prestación do servizo, incluíndo as reunións de carácter consultivo e de asesoramento.

En definitiva, en atención á natureza das funcións que corresponden os postos, considérase xustificada a súa configuración como postos susceptibles de deslocalización para garantir a máxima eficacia na prestación dos servizos así como a eficiencia na utilización dos recursos dispoñibles:

CENTROS DE DESTINO: SERVICIOS CENTRAIS DA AXENCIA							
CÓDIGO POSTO DE TRABAJO	DENOMINACIÓN	Niv.	Forma de provisión	Sub-grupo	Corpo/Escala	Asdcr.	Observacións
						Adm.P.	
MA.K10.00.000.15770.145	ASESOR/A XURÍDICO/A	30	LD	A1-A2	XSL	AXG	SUSCEPTIBLE DE DESLOCALIZACIÓN EN DEPENDENCIAS



							DA XUNTA DE GALICIA DENTRO DA CA
MA.K10.00.000.15770.146	LETRADO/A ASESOR/A	28	CE	A1-A2	XSL	AXG	SUSCEPTIBLE DE DESLOCALIZACIÓN EN DEPENDENCIAS DA XUNTA DE GALICIA DENTRO DA CA

3.5 Modificación dos códigos das prazas da APLU para adapta-los á Consellería de adscrición.

A nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia derivada da modificación operada polo Decreto 49/2024, de 22 de abril, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se fixa a estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia, (DOG núm. 80 do 24 de abril de 2024), pon de manifesto a obrigada adaptación dos códigos das prazas deste organismo aos propios da nosa nova Consellería de adscrición que é a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

Trátase dunha modificación de natureza estritamente orgánica, recolléndose no **Anexo I** á presente memoria a correspondencia entre a clasificación actual das prazas e a nova clasificación orgánica proposta.

Santiago de Compostela, documento asinado dixitalmente na marxe.- A directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.



Código do posto	Denominación	Complem. Niv. específico	Forma prov.	Subgrup o	Corpo / Escala	Adscr. Adm. P. func.	Área	Titulación académica	Formación específica	Observacións
-----------------	--------------	-----------------------------	----------------	--------------	----------------	-------------------------	------	-------------------------	-------------------------	--------------

Anexo I: E Q U I V A L E N C I A S

ENTE: AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

19/09/2025

Persoal funcionario

Código do posto	Denominación	Complem. Niv. específico	Forma prov.	Subgrupo	Corpo / Escala	Adscr. Adm. P. func.	Área	Titulación académica	Formación específica	Observacións
-----------------	--------------	-----------------------------	----------------	----------	----------------	-------------------------	------	-------------------------	-------------------------	--------------

- 1 -

19/09/2025

Persoal laboral

Código do posto	Denominación	Forma prov.	Grupo	Categoría	Titulación académica	Formación específica	Complemento singularidade	Observacións
-----------------	--------------	----------------	-------	-----------	-------------------------	-------------------------	------------------------------	--------------

- 1 -

- 1 -

AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA /

CENTRO DE DESTINO: D. X. DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

IV.K10.00.000.15770.010	SECRETARIO/A DIRECTOR/A	18	7.714,00 LD	C1-C2	XERAL	A12		640
MA.K10.00.000.15770.010								
IV.K10.00.000.15770.020	INSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	26	15.765,68 C	A1	ESIU	AXG		954
MA.K10.00.000.15770.020								
IV.K10.00.000.15770.021	INSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	26	15.765,68 C	A1	ESIU	AXG		954
MA.K10.00.000.15770.021								
IV.K10.00.000.15770.023	INSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	26	15.765,68 C	A1	ESIU	AXG		954
MA.K10.00.000.15770.023								
IV.K10.00.000.15770.024	INSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	26	15.765,68 C	A1	ESIU	AXG		954
MA.K10.00.000.15770.024								
IV.K10.00.000.15770.026	INSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	26	15.765,68 C	A1	ESI2	AXG		
MA.K10.00.000.15770.026								
IV.K10.00.000.15770.027	INSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	26	15.765,68 C	A1	ESI2	AXG		
MA.K10.00.000.15770.027								
IV.K10.00.000.15770.028	INSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	26	15.765,68 C	A1	ESI2	AXG		
MA.K10.00.000.15770.028								

- 1 -

As copias en papel deste documento teñen a condición de copias e serán verificables a través deste código.

CVE: R4K45839V4



ENTE: AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Código do posto	Denominación	Complem. Niv. específico		Forma prov.	Subgrupo	Corpo / Escala	Adscr. Área Adm. P. func.	Titulación académica	Formación específica	Observacións
IV.K10.00.000.15770.029 MA.K10.00.000.15770.029	INSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	26	15.765,68	C	A1	ESI2	AXG			
IV.K10.00.000.15770.030 MA.K10.00.000.15770.030	INSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	26	15.765,68	C	A1	ESI2	AXG			
IV.K10.00.000.15770.031 MA.K10.00.000.15770.031	INSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	26	15.765,68	C	A1	ESI2	AXG			
IV.K10.00.000.15770.032 MA.K10.00.000.15770.032	INSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	26	15.765,68	C	A1	ESI2	AXG			
IV.K10.00.000.15770.033 MA.K10.00.000.15770.033	INSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	26	15.765,68	C	A1	ESI2	AXG			
IV.K10.00.000.15770.034 MA.K10.00.000.15770.034	INSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	26	15.765,68	C	A1	ESI2	AXG			
IV.K10.00.000.15770.035 MA.K10.00.000.15770.035	INSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	26	15.765,68	C	A1	ESI2	AXG			
IV.K10.00.000.15770.036 MA.K10.00.000.15770.036	INSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	26	15.765,68	C	A1	ESIU	AXG			
IV.K10.00.000.15770.037 MA.K10.00.000.15770.037	INSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	26	15.765,68	C	A1	ESIU	AXG			
IV.K10.00.000.15770.038 MA.K10.00.000.15770.038	INSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	26	15.765,68	C	A1	ESI1	AXG		954	
IV.K10.00.000.15770.070 MA.K10.00.000.15770.070	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	12	6.813,80	C	C2	XERAL	AXG			
IV.K10.00.000.15770.071 MA.K10.00.000.15770.071	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	12	6.813,80	C	C2	XERAL	AXG			
IV.K10.00.000.15770.072 MA.K10.00.000.15770.072	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	12	6.813,80	C	C2	XERAL	AXG			
IV.K10.00.000.15770.073 MA.K10.00.000.15770.073	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	12	6.813,80	C	C2	XERAL	AXG			
IV.K10.00.000.15770.074 MA.K10.00.000.15770.074	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	12	6.813,80	C	C2	XERAL	AXG			
IV.K10.00.000.15770.076 MA.K10.00.000.15770.076	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	12	6.813,80	C	C2	XERAL	AXG			
IV.K10.00.000.15770.077 MA.K10.00.000.15770.077	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	12	6.813,80	C	C2	XERAL	AXG			

As copias en papel deste documento teñan a condición de copia e serán verificables a través deste código:
CVE: RK4EC8FV47



ENTE: AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Código do posto	Denominación	Complem. Niv. específico		Forma prov.	Subgrupo	Corpo / Escala	Adscr. Área Adm. P. func.	Titulación académica	Formación específica	Observacións
IV.K10.00.000.15770.078 MA.K10.00.000.15770.078	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	12	6.813,80	C	C2	XERAL	AXG			
IV.K10.00.000.15770.079 MA.K10.00.000.15770.079	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	12	6.813,80	C	C2	XERAL	AXG			
IV.K10.00.000.15770.080 MA.K10.00.000.15770.080	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	12	6.813,80	C	C2	XERAL	AXG			
IV.K10.00.000.15770.081 MA.K10.00.000.15770.081	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	12	6.813,80	C	C2	XERAL	AXG			
IV.K10.00.000.15770.090 MA.K10.00.000.15770.090	SUBALTERNO/A	10	7.528,64	C	AP	XERAL	AXG		954	TAREFAS DE CONDUCCIÓN ADEMAIS DAS PROPIAS DO POSTO DE TRABALLO.
IV.K10.00.000.15770.100 MA.K10.00.000.15770.100	XEFATURA DE SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN	28	19.120,64	CE	A1-A2	XERAL	A12		640	
IV.K10.00.000.15770.110 MA.K10.00.000.15770.110	XEFATURA SECCIÓN XESTIÓN ECONÓMICA E HABILITACIÓN	25	15.124,90	CE	A1-A2-C1	XERAL	AXG	ECO		DISPOÑIBILIDADE HORARIA (ACORDO DO CONSELLO DA XUNTA DO 30/12/2008).
IV.K10.00.000.15770.120 MA.K10.00.000.15770.120	XEFATURA SECCIÓN DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR	25	14.088,62	C	A1-A2-C1	XERAL	AXG	PER		
IV.K10.00.000.15770.145 MA.K10.00.000.15770.145	ASESOR/A XURÍDICO/A	30	25.159,68	LD	A1	XSL	AXG			SUSCEPTIBLE DE DESLOCALIZACIÓN. DEPENDENCIAS ASIGNADAS Á AXX NOUTRAS LOCALIDADES DA CA.
IV.K10.00.000.15770.146 MA.K10.00.000.15770.146	LETRADO/A ASESOR/A	28	19.120,64	CE	A1	XSL	AXG			SUSCEPTIBLE DE DESLOCALIZACIÓN. DEPENDENCIAS ASIGNADAS Á AXX NOUTRAS LOCALIDADES DA CA.

CENTRO DE DESTINO: S. X. DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

IV.K10.00.001.15770.001 MA.K10.00.001.15770.001	SUBDIRECTOR/A XERAL	30	25.159,68	LD	A1	XERAL/ESPECIAL	A12	2001-2004-2062	640	
IV.K10.00.001.15770.003 MA.K10.00.001.15770.003	SECRETARIO/A SUBDIRECTOR/A XERAL	16	7.484,96	C	C1-C2	XERAL	AXG			
IV.K10.00.001.15770.010 MA.K10.00.001.15770.010	XEFATURA DE SERVIZO DE INSPECCIÓN URBANÍSTICA I	28	19.120,64	CE	A1	ESI2	AXG			

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código

CVE: RK4EC8FV7

ENTE: AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Código do posto	Denominación	Complem. Niv. específico		Forma prov.	Subgrupo	Corpo / Escala	Adscr. Área Adm. P. func.	Titulación académica	Formación específica	Observacións
IV.K10.00.001.15770.012 MA.K10.00.001.15770.012	XEFATURA NEGOCIADO ADMINISTRATIVO	18	7.714,00	C	A2-C1-C2	XERAL	AXG			
IV.K10.00.001.15770.020 MA.K10.00.001.15770.020	XEFATURA DE SERVIZO DE INSPECCIÓN URBANÍSTICA II	28	19.120,64	CE	A1	ESI2	AXG			
IV.K10.00.001.15770.022 MA.K10.00.001.15770.022	XEFATURA NEGOCIADO ADMINISTRATIVO	18	7.714,00	C	A2-C1-C2	XERAL	AXG			
IV.K10.00.001.15770.030 MA.K10.00.001.15770.030	XEFATURA DE SERVIZO DE INSPECCIÓN URBANÍSTICA III	28	19.120,64	CE	A1	ESI2	AXG			
IV.K10.00.001.15770.032 MA.K10.00.001.15770.032	XEFATURA NEGOCIADO ADMINISTRATIVO	18	7.714,00	C	A2-C1-C2	XERAL	AXG			
IV.K10.00.001.15770.042 MA.K10.00.001.15770.042	XEFATURA NEGOCIADO ADMINISTRATIVO	18	7.714,00	C	A2-C1-C2	XERAL	AXG			
IV.K10.00.001.15770.050 MA.K10.00.001.15770.050	XEFATURA DE SERVIZO TÉCNICA	28	19.120,64	CE	A1	ESI1	AXG			
IV.K10.00.001.15770.052 MA.K10.00.001.15770.052	NEGOCIADO DE DELINEACIÓN	18	7.714,00	C	C1	ESPECIAL	AXG	4020		DISPOSICIÓN ADICIONAL 9ª DA LEI DE EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA.
IV.K10.00.001.15770.054 MA.K10.00.001.15770.054	NEGOCIADO DE DELINEACIÓN	18	7.714,00	C	C1	ESPECIAL	AXG	4020		DISPOSICIÓN ADICIONAL 9ª DA LEI DE EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA.
IV.K10.00.001.15770.062 MA.K10.00.001.15770.062	XEFATURA NEGOCIADO ADMINISTRATIVO	18	7.714,00	C	A2-C1-C2	XERAL	AXG			
IV.K10.00.001.15770.063 Posto novo	SUBINSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	22	10.397,66	C	A2	EMIU	AXG	INS		

AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA / SERVIZOS

CENTRO DE DESTINO: SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA NA CORUÑA

IV.K19.10.000.15001.001 A.K19.10.000.15001.001	XEFATURA SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA NA CORUÑA	28	17.472,98	LD	A1	XERAL/ESPECIAL/ EMIU/ESIU XERAL/ESIU	A12-AXG AXG	2001-2004-2062		
IV.K19.10.000.15001.020 A.K19.10.000.15001.020	SUBINSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	22	10.397,66	C	A2	EMIU	AXG		954	
IV.K19.10.000.15001.021 A.K19.10.000.15001.021	SUBINSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	22	10.397,66	C	A2	EMIU	AXG		954	

As copias en papel deste documento teñan a condición de copia e serán verificables a través deste código: **CVE: RK4E282414**



ENTE: AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Código do posto	Denominación	Complem. Niv. específico	Forma prov.	Subgrupo	Corpo / Escala	Adscr. Área Adm. P. func.	Titulación académica	Formación específica	Observacións
IV.K19.10.000.15001.022 MA.K19.10.000.15001.022	SUBINSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	22	10.397,66 C	A2	EMIU	AXG		954	
IV.K19.10.000.15001.025 MA.K19.10.000.15001.025	SUBINSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	22	10.397,66 C	A2	EMIU	AXG		954	
IV.K19.10.000.15001.027 MA.K19.10.000.15001.027	SUBINSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	22	10.397,66 C	A2	EMIU	AXG		954	
IV.K19.10.000.15001.028 MA.K19.10.000.15001.028	SUBINSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	22	10.397,66 C	A2	EMIU	AXG		954	
IV.K19.10.000.15001.040 MA.K19.10.000.15001.040	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	12	6.813,80 C	C2	XERAL	AXG			

CENTRO DE DESTINO: SERVICIO PROVINCIAL DA AXENCIA EN LUGO

IV.K19.10.000.27001.001 MA.K19.10.000.27001.001	XEFATURA SERVICIO PROVINCIAL DA AXENCIA EN LUGO	28	17.472,98 LD	A1	XERAL/ESPECIAL/ EMIU/ESIU XERAL/ESIU	A12-AXG AXG	2001-2004-2062		
IV.K19.10.000.27001.020 MA.K19.10.000.27001.020	SUBINSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	22	10.397,66 C	A2	EMIU	AXG		954	
IV.K19.10.000.27001.022 MA.K19.10.000.27001.022	SUBINSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	22	10.397,66 C	A2	EMIU	AXG		954	
IV.K19.10.000.27001.024 MA.K19.10.000.27001.024	SUBINSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	22	10.397,66 C	A2	EMIU	AXG		954	
IV.K19.10.000.27001.041 MA.K19.10.000.27001.041	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	12	6.813,80 C	C2	XERAL	AXG			

CENTRO DE DESTINO: SERVICIO PROVINCIAL DA AXENCIA EN OURENSE

IV.K19.10.000.32001.001 MA.K19.10.000.32001.001	XEFATURA SERVICIO PROVINCIAL DA AXENCIA EN OURENSE	28	17.472,98 LD	A1	XERAL/ESPECIAL/ EMIU/ESIU XERAL/ESIU	A12-AXG AXG	2001-2004-2062		
IV.K19.10.000.32001.020 MA.K19.10.000.32001.020	SUBINSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	22	10.397,66 C	A2	EMIU	AXG		954	
IV.K19.10.000.32001.021 MA.K19.10.000.32001.021	SUBINSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	22	10.397,66 C	A2	EMIU	AXG		954	
IV.K19.10.000.32001.024 MA.K19.10.000.32001.024	SUBINSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	22	10.397,66 C	A2	EMIU	AXG		954	

As copias en papel deste documento teñan a condición de copia e serán verificables a través deste código:
CVE: RK4EC8RV7



ENTE: AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Código do posto	Denominación	Complem. Niv. específico	Forma prov.	Subgrupo	Corpo / Escala	Adscr. Área Adm. P. func.	Titulación académica	Formación específica	Observacións
IV.K19.10.000.32001.040	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	12	6.813,80 C	C2	XERAL	AXG			
MA.K19.10.000.32001.040									

CENTRO DE DESTINO: SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA EN PONTEVEDRA

IV.K19.10.000.36001.001	XEFATURA SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA EN PONTEV.	28	17.472,98 LD	A1	XERAL/ESPECIAL/EMIU/ESIU	A12-AXG	2001-2004-2062		
MA.K19.10.000.36001.001					XERAL/ESIU	AXG			
IV.K19.10.000.36001.020	SUBINSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	22	10.397,66 C	A2	EMIU	AXG		954	
MA.K19.10.000.36001.020									
IV.K19.10.000.36001.024	SUBINSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	22	10.397,66 C	A2	EMIU	AXG		954	
MA.K19.10.000.36001.024									
IV.K19.10.000.36001.025	SUBINSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	22	10.397,66 C	A2	EMIU	AXG		954	
MA.K19.10.000.36001.025									
IV.K19.10.000.36001.026	SUBINSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	22	10.397,66 C	A2	EMIU	AXG		954	
MA.K19.10.000.36001.026									
IV.K19.10.000.36001.028	SUBINSPECTOR/A URBANÍSTICO/A	22	10.397,66 C	A2	EMIU	AXG		954	
MA.K19.10.000.36001.028									
IV.K19.10.000.36001.040	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	12	6.813,80 C	C2	XERAL	AXG			
MA.K19.10.000.36001.040									



ENTE: AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Código do posto	Denominación	Forma prov.	Grupo	Categoría	Titulación académica	Formación específica	Complemento singularidade	Observacións
-----------------	--------------	-------------	-------	-----------	----------------------	----------------------	---------------------------	--------------



ENTE: AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Código do posto	Denominación	Forma prov.	Grupo	Categoría	Titulación académica	Formación específica	Complemento singularidade	Observacións
-----------------	--------------	-------------	-------	-----------	----------------------	----------------------	---------------------------	--------------

CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS ÁREAS FUNCIONAIS

ECO ECONÓMICA-ORZAMENTARIA
 INS INSPECCIÓN
 PER PERSOAL

CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS FORMACIÓNS

640 PARA PERSOAL DOUTRA ADMINISTRACIÓN, CURSO DE PERFECCIONAMENTO DE GALEGO (R.I.).
 954 PERMISO CONDUCIR B (R.I.).

CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS CORPOS/ESCALAS

A1 XERAL
 A2 ESPECIAL
 A3 XERAL/ESPECIAL
 EMIU ESPECIAL (ESC. SUBINSPECCIÓN URBANÍSTICA)
 ESI1 ESPECIAL (ESC. INSPECCIÓN URBANÍSTICA - ESP. TÉCNICA)
 ESI2 ESPECIAL (ESC. INSPECCIÓN URBANÍSTICA - ESP. XURÍDICA)
 ESIU ESPECIAL (ESC. INSPECCIÓN URBANÍSTICA)
 XSL XERAL (ESCALA LETRADOS)

CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

A12 ADSCRICIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E CC.AA. E ADMINISTRACIÓN LOCAL.
 AXG ADSCRICIÓN EXCLUSIVA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA.

CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS TITULACIÓNS

2001 LICENCIADO/A EN ARQUITECTURA
 2004 ENXEÑERÍA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS
 2062 LICENCIADO/A EN DEREITO
 4020 FP2 DELINEACIÓN



ENTE: AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Código do posto	Denominación	Forma prov.	Grupo	Categoría	Titulación académica	Formación específica	Complemento singularidade	Observacións
-----------------	--------------	-------------	-------	-----------	----------------------	----------------------	---------------------------	--------------

CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS FORMAS DE PROVISIÓN

- C CONCURSO
- CE CONCURSO ESPECÍFICO
- LD LIBRE DESIGNACIÓN

Asinado por: NUÑEZ LOPEZ, MARIA VICTORIA
Cargo: Directora
Data e hora: 22/09/2025 14:06:43

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: RK4EC8FVw477 <https://sede.xunta.gal/cve>

